



## TORRE DE HÉRCULES, CANDIDATA A PATRIMONIO DA HUMANIDADE

### DESCRIPCIÓN

A Torre de Hércules é o único faro de orixe romana que se mantén en activo en todo o mundo. Trátase dun edificio singular, pois se ben a súa cuberta exterior e o piso superior proceden dunha **restauración de estilo neoclásico** rematada no ano 1791, a Torre de Hércules mantén nos seus alicerces e no seu interior unha parte considerable e importante da **construción romana orixinal**. Estímase esta sería erixida en tempos do emperador Traiano, a comezos do século II.da nosa era.

- A cuberta exterior neoclásica, deseñada e construída baixo a dirección do ilustrado Eustaquio Giannini, agocha o **faro romano interior**, perfectamente conservado e resgardado. Este ten unha altura de 34 metros, distribuídos en dous andares inferiores de 9,60 metros cada un y un terceiro de 14,35 metros. Os andares son de planta cadrada. Trátase dun dos **edificios máis altos construídos pola civilización romana** que se conservan na actualidade. O espesor deses muros interiores, construídos en granito, é de máis de metro e medio.
- A orixe romana tamén se pode ver nos **alicerces** do edificio, que poden contemplarse parcialmente no subsolo da gran plataforma que rodea a base da Torre.

Porén, a altura total actual da torre é de 55 metros, posto que ao faro romano se lle engadiu a finais do século XVIII un cuarto andar cunha altura de 21 metros. O recubrimento exterior acometido nesta restauración é de 60 centímetros de ancho, polo que o espesor total dos muros do edificio é de 2,15 metros, construído todo en granito.

### VALORES DA CANDIDATURA

O principal argumento para obter o recoñecemento de Patrimonio da Humanidade é que a Torre de Hércules é o **único faro romano en activo** do mundo. Na localidade inglesa de Dover e na libia de Leptis Magna consérvanse restos de faros de orixe romana, mais son de moita menor entidade, de forma que o faro galego supón un testemuño único no mundo das torres de sinalización marítima levantadas polas civilizacións da Antigüidade.



En relación coa súa orixe romana, pódense destacar varios aspectos:

- A Torre é unha pegada da introdución no mundo occidental atlántico das **tecnoloxías marítimas** e das **técnicas construtivas propias do mundo romano** mediterráneo. A sinalización marítima por medio de faros é un progreso tecnolóxico desenvolto polos pobos do Mediterráneo que se estendeu conforme o avance do Imperio Romano.

Do mesmo xeito, a construción dunha obra da entidade do faro coruñés non sería posible sen a utilización das técnicas construtivas romanas, tremendamente complexas e evoluídas en comparación coas empregadas polas civilizacións prerromanas existentes por aquel entón no territorio galego.

- A Torre tamén é un **vestixio da planificación da navegación** a grande escala durante o Imperio Romano. O control e a explotación das rutas marítimas do Mar Mediterráneo e do espazo oceánico até as Illas Británicas era esencial para a consolidación do poder romano e a transmisión da súa cultura aos territorios máis afastados do Imperio. Neste sentido, a Torre de Hércules cumpría un papel de grande importancia pola súa **situación estratéxica** como paso obrigado na navegación entre o Mediterráneo e o Océano Atlántico norte.

### Referente cartográfico medieval

Así mesmo, a Torre está asociada a lendas e obras artísticas ou literarias de significado universal excepcional. Unha das lendas máis difundida sobre a súa su fundación é a recollida por Alfonso X na súa *Estoria de Espanna*, na que **se atribuíu a súa construción a Hércules**, semideus do cal a Torre recibe o nome. Durante a Idade Media a Torre de Hércules, xunto co Faro de Alexandría, foi o **único faro que aparece representado na cartografía medieval**, como sucede co *Imago mundi* do Beato do Burgo de Osma do século XI e a copia do *Mapamundi* de Hereford do século XIV. É probable que a popularidade da Torre no estranxeiro fose debida á Peregrinación a Compostela, xa que A Coruña era o **principal punto de desembarco do Camiño de Santiago Inglés**.

SAÚDOS

GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLARÍA DE CULTURA E DEPORTE